

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11072 *Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, regulou por vez primeira, no ámbito estatal, o voluntariado no noso país, o que supuxo un fito importante no seu recoñecemento e fomento. Case vinte anos despois, esta lei viuse desbordada pola realidade da acción voluntaria e faise necesario un novo marco xurídico que responda adecuadamente á configuración e ás dimensións do voluntariado nos comezos do século XXI.

É de xustiza recoñecer que a situación do voluntariado na actualidade é o resultado da acción continuada, entregada e responsable de persoas, que desde hai moito tempo, tanto en España coma no estranxeiro, e con diferentes motivacións ou desde distintas crenzas como, singularmente, é o caso dos misioneiros, investiron o seu esforzo, a súa dedicación e as súas capacidades para consolidar a acción voluntaria.

Nese contexto, a presente lei aposta por un voluntariado aberto, participativo e interxeracional que combina, co necesario equilibrio, as dimensións de axuda e participación, sen renunciar á súa aspiración á transformación da sociedade e enfocado máis á calidade que á cantidade.

Esta lei dá cobertura a unha acción voluntaria sen adxectivos, sen excluír ningún ámbito de actuación en que nestes anos se consolidou a súa presenza e favorece que se poida promover non só no terceiro sector, senón noutros ámbitos máis innovadores, como son as empresas, as universidades ou as propias administracións públicas.

Así mesmo, valóranse e recoñécense as novas formas de voluntariado que nos últimos anos emerxeron con forza, como as que se traducen na realización de accións concretas e por un lapso de tempo determinado, sen integrarse en programas globais ou a longo prazo ou as que levan a cabo voluntarios a través das tecnoloxías da información e da comunicación e que non requiran a presenza física dos voluntarios nas entidades de voluntariado.

A norma ten especialmente en conta que entre as motivacións que levan as persoas a ser voluntarias inflúen os intereses persoais, as crenzas, os desexos e a satisfacción das súas expectativas, e promove, ademais, o voluntariado durante toda a vida; as previsións específicas respecto ás persoas menores e maiores son dous claros exemplos disto.

Preténdese, en suma, que o novo marco legal sexa útil e que nel se sintan acollidos todo tipo de organizacións, calquera que sexa a súa orixe, tamaño e ámbito de actuación e todos os voluntarios, con independencia de cal sexa a súa motivación e o alcance do seu compromiso.

II

A Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, e as diferentes normas de voluntariado das comunidades autónomas coinciden en gran medida nas notas configuradoras e nos

principios que inspiran a acción voluntaria: solidariedade, voluntariedade e liberdade, gratuidade e vinculación á entidade de voluntariado e a un programa de voluntariado.

Estes principios tamén foron recollidos nos diferentes informes internacionais do voluntariado, tales como o Ditame do 13 de decembro de 2006, do Comité Económico e Social Europeo, «Actividades de voluntariado, o seu papel na sociedade europea e o seu impacto» ou o Estudo sobre o voluntariado na Unión Europea «Study on Volunteering in the European Union. Final Report», elaborado pola Education, Audiovisual & Culture Executive Agency, presentado o 17 de febreiro de 2010, que incorpora novas perspectivas de actuación na acción voluntaria. Ademais, como conclusións do Ano Europeo do Voluntariado 2011, aprobáronse diferentes documentos, tales como a Comunicación da Comisión Europea do 20 de setembro de 2011, sobre «Políticas da UE e voluntariado: recoñecemento e fomento de actividades voluntarias transfronteirizas» ou as resolucións do Parlamento Europeo do 12 de xuño de 2012, sobre o «Recoñecemento e o fomento das actividades voluntarias transfronteirizas na UE» e do 10 de decembro de 2013, sobre «O voluntariado e as actividades de voluntariado». A proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa aos «Requisitos de entrada e residencia dos nacionais de terceiros países con fins de investigación, estudos, intercambio de alumnos, prácticas remuneradas e non remuneradas, servizos de voluntariado e colocación «au pair» de 2013» tamén debe ser tomada en conta.

Máis recentemente, o Regulamento (UE) núm. 375/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, polo que se crea o Corpo Voluntario Europeo de Axuda Humanitaria («Iniciativa Voluntarios de Axuda da UE») e o seu Regulamento de execución (UE) núm. 1244/2014 da Comisión, do 20 de novembro de 2014, deseñaron un novo marco europeo para o desenvolvemento do voluntariado humanitario durante o período 2014-2020.

A presente lei non só non se afasta dese núcleo esencial do actuar voluntario, senón que o reforza e o adapta ás necesidades dun voluntariado do século XXI.

III

Tras delimitar no título preliminar o seu obxecto e ámbito de aplicación, e tendo en conta as competencias da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e das entidades locais, no título I defínese o voluntariado e fíxanse os seus requisitos. Para completar esta delimitación engádense ás exclusións xa recollidas na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, a dos traballos de colaboración social, as bolsas con ou sen prestación de servizos ou calquera outra actividade análoga cuxo obxectivo principal sexa a formación, as prácticas non laborais en empresas ou grupos empresariais e as prácticas académicas externas.

O interese xeral como elemento central do concepto de voluntariado e referente principal para deslindar a acción voluntaria eríxese nun dos piares fundamentais da lei. Referenciado á mellora da calidade de vida das persoas destinatarias da acción voluntaria e da sociedade en xeral ou do contorno, o marco de actuación do voluntariado complétase coa enumeración dos valores, principios e dimensións da acción voluntaria e coa descrición dos diversos ámbitos de actuación.

Por outra parte, a lei impide que a acción voluntaria organizada sexa causa xustificativa da extinción de contratos de traballo por conta allea tanto no sector público coma no privado, con independencia da modalidade contractual utilizada, ou que poida substituír as administracións públicas en funcións ou servizos públicos a cuxa prestación estean obrigadas por lei.

IV

Máis adiante, a lei recolle o réxime xurídico do voluntariado deseñado para as entidades de voluntariado e os voluntarios, ben que a actividade de voluntariado carecería de sentido se non se protexesen ao máximo os dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria, polo que tamén se inclúen diversas previsións ao respecto.

Abórdanse en primeiro lugar, no título II, os requisitos que debe reunir o voluntario para ter tal condición, facendo unha especial referencia aos menores de idade e ás medidas de accesibilidade para persoas con discapacidade e persoas maiores.

En relación cos menores de idade, tívose especialmente en conta a ratificación por España en 2010 do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007, e a Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á loita contra os abusos sexuais e a explotación sexual dos menores e a pornografía infantil, que substitúe a Decisión marco 2004/68/JAI do Consello, do 22 de decembro de 2003.

Así, para determinados programas de voluntariado requírese que os voluntarios non fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, trata e explotación de menores e, noutros casos, establécese que non poidan ter a condición de voluntarios aquelas persoas que cometesen delitos especialmente graves.

Seguidamente, régúlase o réxime de incompatibilidades, tanto no ámbito privado coma no público, e os dereitos e deberes da persoa voluntaria.

Especial importancia se concede ao acordo de incorporación, que se erixe no principal instrumento de definición e regulación das relacións entre o voluntario e a entidade de voluntariado, tanto no momento de incorporación daquela coma no desenvolvemento posterior da súa actuación voluntaria, que permitirá diferenciar o voluntariado doutras formas de prestación de servizos afíns.

A seguir, régúlase no título III as entidades de voluntariado e fíxanse os seus requisitos. Como novidade destacable, establécese que en todo caso terán tal consideración as federacións, confederacións ou unións de entidades de voluntariado.

O réxime xurídico do voluntariado péchase coa regulación dos dereitos e deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria no título IV.

V

A diferenza doutros modelos legislativos, a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, non tivo o carácter de lexislación básica senón que se veu sumar, en función das súas competencias, ao panorama da normativa existente nas comunidades autónomas definida polos seus estatutos de autonomía e pola súa lexislación específica. A presente lei non pretende alterar en ningún modo esa distribución competencial, pero reclama un marco de cooperación entre as diferentes administracións públicas que sexa especialmente proclive á consolidación e desenvolvemento do voluntariado. Con ese propósito, apóstase por fixar os medios e os sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, así como a acción conxunta no exercicio das súas competencias, co fin de integrar as actuacións de todas as administracións públicas naqueles ámbitos onde foi tradicional a súa presenza en materia de voluntariado.

Para lograr ese obxectivo, e coa mesma vocación de cooperación, a lei enumera no título V as funcións da Administración xeral do Estado. Para a súa execución prevese, na disposición adicional segunda, a regulación regulamentaria de dous órganos: unha Comisión Interministerial de Voluntariado cuxa función será, sempre respectando as competencias das comunidades autónomas, entidades locais e cidades autónomas de Ceuta e Melilla, coordinar a actuación dos departamentos ministeriais con competencia sobre o voluntariado, e un Observatorio Estatal do Voluntariado, con funcións de recollida, análise, difusión e estudo da información relativa ao voluntariado en España.

O réxime legal complétase coa referencia, no título VI, ás tradicionais actividades de fomento, como a subvención e os convenios de colaboración.

A cada vez maior presenza das empresas e da universidade no ámbito do voluntariado ten o seu recoñecemento na lei. Para tal efecto, establécense as condicións en que as empresas e as universidades poderán promover e participar en programas de voluntariado que cumpran os requisitos establecidos nesta lei.

Ademais, e como novidade, recóllese a chamada a empresas e administracións públicas a propiciar, de acordo coa lexislación laboral e de emprego público e con pleno

respecto ao acordado na negociación colectiva, mecanismos de adaptación do tempo de traballo que permitan aos traballadores por conta allea ou empregados públicos participar en labores de voluntariado. A este respecto, a negociación colectiva preséntase como a canle máis apropiada para concretar e regular, dentro dos anteriores límites, estes mecanismos que faciliten aos cidadáns compatibilizar e conciliar as súas obrigacións laborais coa súa actividade de voluntariado. Así mesmo, é igualmente innovadora a introdución dun sistema obxectivo de recoñecemento das competencias adquiridas polo voluntario.

Finalmente, a lei conclúe con tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e sete derradeiras. En primeiro lugar, recóllese unha disposición adicional primeira relativa ao réxime legal do voluntariado no ámbito da protección civil cuxa regulación se remite á normativa específica; unha segunda prevé a regulación por vía regulamentaria dunha Comisión Interministerial de Voluntariado e dun Observatorio Estatal de Voluntariado, e a terceira, a participación de persoal do Sistema Nacional de Saúde en emerxencias humanitarias.

A disposición transitoria única refírese á adaptación das entidades de voluntariado existentes á nova situación que deriva da lei.

Pola súa parte, a disposición derogatoria única deixa sen efecto Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia, do 11 de outubro 1994, pola que se regula a actividade de voluntariado nos centros públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, e a Orde do Ministerio de Cultura, do 9 de outubro de 1995, pola que se regula o voluntariado cultural.

Por último, inclúense sete disposicións derradeiras. A primeira refírese á modificación do artigo 31.4 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, en canto concirne á homoxeneidade de baremos de méritos; a segunda, ao necesario respecto ás competencias das comunidades autónomas no ámbito da presente lei; a terceira, ao alcance da remisión que efectúa o artigo 4.1 do Real decreto Lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación; a cuarta, ao título competencial; a quinta, á ausencia de incremento de gasto público; a sexta, á habilitación para o desenvolvemento regulamentario, e a sétima e última, á entrada en vigor da presente lei.

TÍTULO PRELIMINAR

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei ten por obxecto:

a) Promover e facilitar a participación solidaria da cidadanía en actuacións de voluntariado realizadas a través de entidades de voluntariado, dentro e fóra do territorio do Estado e de acordo cos valores e principios do voluntariado.

b) Fixar os requisitos que deben reunir os voluntarios e o réxime xurídico das súas relacións coas entidades de voluntariado e coas persoas destinatarias das actuacións de voluntariado.

c) Describir a cooperación que, no ámbito das súas respectivas competencias, poden levar a cabo as administracións públicas, dentro do marco da Constitución e dos estatutos de autonomía en materia de voluntariado.

d) Determinar as funcións da Administración xeral do Estado no ámbito das súas competencias en materia de voluntariado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei será de aplicación aos voluntarios, destinatarios e entidades de voluntariado que participen, se beneficien ou leven a cabo programas de voluntariado de ámbito estatal ou supraautonómico, xa se desenvolvan dentro ou fóra de España. Tamén será de aplicación respecto daqueles programas en que o Estado teña recoñecida constitucionalmente a súa competencia, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en materia de voluntariado polos seus estatutos de autonomía así como tamén na súa lexislación específica.

2. Os programas de voluntariado a que se aplica esta lei serán os desenvolvidos naqueles ámbitos en que o Estado teña recoñecida constitucionalmente a súa intervención, xa se leven a cabo dentro ou fóra do territorio español. Así mesmo, aplicarase a aqueles cuxa execución exceda o territorio dunha comunidade autónoma.

TÍTULO I

Do voluntariado

Artigo 3. *Concepto de voluntariado.*

1. Para os efectos da presente lei, enténdese por voluntariado o conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan carácter solidario.
- b) Que a súa realización sexa libre, sen que teñan a súa causa nunha obrigación persoal ou deber xurídico e sexa asumida voluntariamente.
- c) Que se leven a cabo sen contraprestación económica ou material, sen prexuízo do aboamento dos gastos reembolsables que o desempeño da acción voluntaria ocasione aos voluntarios, de acordo co establecido no artigo 12.2.d).
- d) Que se desenvolvan a través de entidades de voluntariado consonte programas concretos e dentro ou fóra do territorio español sen prexuízo do disposto nos artigos 21 e 22.

2. Enténdese por actividades de interese xeral aquelas que contribúan en cada un dos ámbitos de actuación do voluntariado a que fai referencia o artigo 6 a mellorar a calidade de vida das persoas e da sociedade en xeral e a protexer e conservar o contorno.

3. Non terán a consideración de actividades de voluntariado as seguintes:

- a) As illadas ou esporádicas, periódicas ou non, prestadas á marxe de entidades de voluntariado.
- b) As executadas por razóns familiares, de amizade ou de boa veciñanza.
- c) As que se realicen en virtude dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou de calquera outra mediante contraprestación de tipo económico ou material.
- d) Os traballos de colaboración social a que se refire o Real decreto 1445/1982, do 25 de xuño, polo que se regulan diversas medidas de fomento do emprego.
- e) As bolsas con ou sen prestación de servizos ou calquera outra actividade análoga cuxo obxectivo principal sexa a formación.
- f) As prácticas non laborais en empresas ou grupos empresariais e as prácticas académicas externas.

4. Terán a consideración de actividades de voluntariado aquelas que se traduzan na realización de accións concretas e específicas, sen integrarse en programas globais ou a longo prazo, sempre que se realicen a través dunha entidade de voluntariado. Así mesmo, tamén terán tal consideración as que se realicen a través das tecnoloxías da información e comunicación e que non requiran a presenza física dos voluntarios nas entidades de voluntariado.

Artigo 4. *Límites á acción voluntaria.*

1. A realización de actividades de voluntariado non poderá ser causa xustificativa de extinción do contrato de traballo.
2. A realización de actividades de voluntariado tampouco poderá substituír as administracións públicas no desenvolvemento de funcións ou na prestación de servizos públicos a que están obrigadas por lei.

Artigo 5. *Valores, principios e dimensións da acción voluntaria.*

1. A acción voluntaria basearase e desenvolverase consonte os seguintes valores:
 - a) Os que inspiran a convivencia nunha sociedade democrática, participativa, xusta, plural e comprometida coa igualdade, coa liberdade e coa solidariedade.
 - b) Os que promoven a defensa do ben común e dos dereitos fundamentais recollidos na Constitución española, interpretados de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Convención dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas e a Convención das Nacións Unidas sobre Dereitos das Persoas con Discapacidade, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e a Carta Social Europea.
 - c) Os que contribúen á equidade, á xustiza e á cohesión social.
 - d) Os que fundamenten o despregamento solidario e participativo das capacidades humanas.
2. Considéranse principios que fundamentan a acción voluntaria:
 - a) A liberdade como opción persoal do compromiso, tanto dos voluntarios como das persoas destinatarias da acción voluntaria.
 - b) A participación como principio democrático de intervención directa e activa no espazo público e nas responsabilidades comúns e como xeradora de cidadanía activa e dimensión comunitaria.
 - c) A solidariedade con conciencia global que exige congruencia entre as actitudes e compromisos cotiáns e a eliminación de inxustizas e desigualdades.
 - d) A complementariedade respecto ás actuacións das administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro ou profesionais que interveñen en cada un dos ámbitos do voluntariado.
 - e) A autonomía e independencia na xestión e na toma de decisións.
 - f) A gratuidade do servizo que presta, sen buscar beneficio económico ou material.
 - g) A eficiencia que busca a optimización dos recursos pensando tanto nas persoas destinatarias da acción voluntaria como na acción voluntaria no seu conxunto, en prol da función social que debe cumprir.
 - h) A igualdade de oportunidades de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación do voluntariado.
 - i) A non discriminación dos voluntarios por razón de nacionalidade, orixe racial ou étnica, relixión, conviccións ideolóxicas ou sindicais, enfermidade, discapacidade, idade, sexo, identidade sexual, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
 - j) A accesibilidade das persoas con discapacidade, das persoas maiores e das que están en situación de dependencia.
3. Sen prexuízo das particularidades de cada ámbito de actuación, considéranse dimensións propias do voluntariado, entre outras, as seguintes:
 - a) O compromiso, a gratuidade e a entrega desinteresada de tempo, capacidades e coñecementos dos voluntarios.
 - b) A acción complementaria nos diferentes campos de actuación do voluntariado.
 - c) A conciencia crítica que contribúe a mellorar a relación da persoa coa sociedade.

d) A transformación tanto na vertente social, co fin de encontrar novas bases para as relacións sociais como na individual, con obxecto de mellorar actitudes persoais.

e) A dimensión pedagóxica e de sensibilización social que recorda, educa e conciencia nos valores que inspiran a acción voluntaria.

f) A investigación e reflexión sobre as accións, métodos, propostas de traballo e prácticas do voluntariado.

Artigo 6. *Ámbitos de actuación do voluntariado.*

1. Considéranse ámbitos de actuación do voluntariado, entre outros, os seguintes:

a) Voluntariado social, que se desenvolve mediante a intervención coas persoas e a realidade social, fronte a situacións de vulneración, privación ou falta de dereitos ou oportunidades, para alcanzar unha mellor calidade de vida e unha maior cohesión e xustiza social.

b) Voluntariado internacional de cooperación para desenvolvemento, vinculado tanto á educación para o desenvolvemento como parte do proceso educativo e de transformación como á promoción para o desenvolvemento no relativo á acción humanitaria e á solidariedade internacional, xa se realice no noso país, en países ou territorios receptores de cooperación ao desenvolvemento ou en calquera país onde se declare unha situación de necesidade humanitaria, sen prexuízo das actividades realizadas neste ámbito polos cooperantes, que se rexerán polo Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes.

c) Voluntariado ambiental, que persegue diminuír o impacto negativo do ser humano sobre o ambiente e pór en valor o patrimonio natural existente, as especies animais e vexetais, os ecosistemas e os recursos naturais realizando, entre outras, accións de protección e recuperación da flora e fauna, da biodiversidade natural dos distintos hábitats, e defensa do medio forestal; de conservación e mellora da auga, dos ríos e doutros elementos do medio hídrico; do litoral, das montañas e demais elementos da paisaxe natural; de educación e sensibilización ambiental; de protección dos animais e calquera outra que contribúa a protexer, conservar e mellorar o ambiente.

d) Voluntariado cultural, que promove e defende o dereito de acceso á cultura e, en particular, a integración cultural de todas as persoas, a promoción e protección da identidade cultural, a defensa e salvagarda do patrimonio cultural e a participación na vida cultural da comunidade.

e) Voluntariado deportivo, que contribúe á cohesión cidadá e social, sumando os valores propios do voluntariado con aqueles outros inherentes ao deporte, apostando decididamente por fomentar a dimensión comunitaria no desenvolvemento da práctica deportiva en calquera das súas manifestacións, incluído o voluntariado en deporte practicado por persoas con discapacidade, con particular atención ao paralímpico, e por favorecer un maior e decidido compromiso de quen practica deporte na vida asociativa, como maneira eficaz de promover a súa educación e inclusión social.

f) Voluntariado educativo, que como acción solidaria planificada e integrada no sistema e na comunidade educativa mellora as posibilidades de realización de actividades extraescolares e complementarias contribuíndo, en particular, a compensar as desigualdades que poidan existir entre os alumnos por diferenzas sociais, persoais ou económicas, mediante a utilización, entre outros, de programas de aprendizaxe-servizo.

g) Voluntariado sociosanitario en que se combinan a promoción da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a atención social que vai dirixida ao conxunto da sociedade ou aos colectivos en situación de vulnerabilidade e que, mediante unha intervención integral e especializada nos aspectos físico, psicolóxico e social, ofrece apoio e orientación ás familias e ao contorno máis próximo, mellorando as condicións de vida.

h) Voluntariado de ocio e tempo libre, que forma e sensibiliza nos principios e valores da acción voluntaria mediante o desenvolvemento de actividades no ámbito da educación non formal, que fomenten o desenvolvemento, crecemento persoal e grupal de forma

integral, impulsando habilidades, competencias, aptitudes e actitudes nas persoas que favorezan a solidariedade e a inclusión, e logren o compromiso, a participación e a implicación social.

i) Voluntariado comunitario, que favorece a mellora da comunidade e promove a participación con maior poder de decisión e iniciativa para resolver os problemas e exixir maior calidade de vida nos espazos vitais máis próximos onde se desenvolven os voluntarios, vertebrando unha sociedade solidaria, activa, crítica, comprometida e corresponsable.

j) Voluntariado de protección civil, que colabora regularmente na xestión das emerxencias, nas actuacións que determine o Sistema nacional de protección civil sen prexuízo do deber dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, como expresión e medio eficaz de participación cidadá na resposta social a estes fenómenos, nos termos que establezan as normas aplicables.

2. Estableceranse regulamentariamente as condicións en que se levarán a cabo as actividades de voluntariado internacional de cooperación para o desenvolvemento, así como naqueles outros ámbitos de actuación que, ben polo lugar en que se realizan ben pola especialidade das actividades ben polo tempo de desenvolvemento destas ou pola combinación dalgunhas das circunstancias anteriores, requiren dun tratamento diferenciado.

Artigo 7. *Dos programas de voluntariado.*

1. Cada programa de voluntariado deberá ter o contido mínimo seguinte:
 - a) Denominación.
 - b) Identificación do responsable do programa.
 - c) Fins e obxectivos que se propoña.
 - d) Descrición das actividades que comprenda.
 - e) Ámbito territorial que abrangue.
 - f) Duración prevista para a súa execución.
 - g) Número de voluntarios necesario, o perfil adecuado para os labores que vaian desenvolver e a cualificación ou formación exixible.
 - h) Criterios para determinar, de ser o caso, o perfil das persoas destinatarias do programa.
 - i) Medios e recursos precisos para levalo a cabo.
 - j) Mecanismos de control, seguimento e avaliación.
2. Cando a Administración xeral do Estado financie programas de voluntariado, poderá exixir contidos adicionais de acordo coa normativa de aplicación.

TÍTULO II

Dos voluntarios

Artigo 8. *Dos voluntarios.*

1. Terán a condición de voluntarios as persoas físicas que decidan libre e voluntariamente dedicar todo ou parte do seu tempo á realización das actividades definidas no artigo 3.2.

2. Os menores de idade poderán ter a condición de voluntarios sempre que se respecte o seu interese superior de acordo co previsto na lexislación de aplicación e cumpran os seguintes requisitos:

- a) Os maiores de 16 e menores de 18 anos deberán contar co consentimento dos seus proxenitores, titores ou representantes legais.

b) Os menores de 16 anos e maiores de 12 poderán levar a cabo accións de voluntariado se contan coa autorización expresa dos seus proxenitores, titores ou representantes legais, en que se valorará se aquelas prexudican ou non o seu desenvolvemento e formación integral.

3. As entidades de voluntariado deberán garantir o dereito á igualdade de oportunidades e á accesibilidade universal dos voluntarios maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, de maneira que poidan exercer, en igualdade de condicións respecto do resto dos voluntarios, os dereitos e deberes que lles correspondan de acordo con esta lei, erradicando calquera posible forma de discriminación.

Nestes casos, o consentimento para a súa incorporación á entidade de voluntariado, a información e formación e as actividades que se lles encomenden deberán levar a cabo en formatos adecuados e de acordo coas súas capacidades e circunstancias persoais, seguindo as pautas marcadas polos principios de accesibilidade universal e deseño para todos, de maneira que lles resulten accesibles, usables e comprensibles.

4. Será requisito, para ter a condición de voluntarios en entidades de voluntariado ou programas cuxo exercicio implique o contacto habitual con menores, non ter sido condenadas por sentenza firme por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, trata e explotación de menores. Para tal efecto, deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación dunha certificación negativa do Rexistro Central de Penados por estes delitos.

5. Non poderán ser voluntarias as persoas que teñan antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos fillos, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxos destinatarios fosen ou poidan ser vítimas destes delitos. Esta circunstancia acreditarase mediante unha declaración responsable de non ter antecedentes penais por estes delitos.

Artigo 9. *Compatibilidade da acción voluntaria.*

1. Os traballadores por conta allea e os empregados públicos só poderán realizar actividades de voluntariado fóra da xornada laboral, sen prexuízo do establecido no punto 2 do artigo 20.

2. A condición de traballador por conta allea é compatible coa do voluntariado na mesma entidade de voluntariado nas condicións que se establezan no acordo de incorporación, co mesmo límite que no suposto anterior.

3. Os voluntarios poderán ter a condición de socia ou socio na entidade de voluntariado en que estean integrados e participar nos seus órganos de goberno, de conformidade cos seus estatutos.

Artigo 10. *Dereitos dos voluntarios.*

1. Os voluntarios teñen os seguintes dereitos:

a) Recibir regularmente, durante a prestación da súa actividade, información, orientación e apoio, así como os medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lles encomenden.

b) Recibir en todo momento, a cargo da entidade de voluntariado e adaptada ás súas condicións persoais, a formación necesaria para o correcto desenvolvemento das actividades que se lles asignen.

c) Ser tratados en condicións de igualdade, sen discriminación, respectando a súa liberdade, identidade, dignidade e os demais dereitos fundamentais recoñecidos nos convenios, nos tratados internacionais e na Constitución.

d) Participar activamente na organización en que se insiran, colaborando na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas ou proxectos, de acordo cos

seus estatutos ou normas de aplicación e, na medida en que estas o permitan, no goberno e administración da entidade de voluntariado.

e) Estar cubertos, a cargo da entidade de voluntariado, dos riscos de accidente e enfermidade derivados directamente do exercicio da acción voluntaria e de responsabilidade civil nos casos en que a lexislación sectorial o exixa, a través dun seguro ou doutra garantía financeira.

f) Recibir da entidade de voluntariado o reembolso dos gastos realizados no desempeño das súas actividades, de acordo co previsto no acordo de incorporación e tendo en conta o ámbito de actuación de voluntariado que desenvolvan.

g) Dispor dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario en que conste, ademais, a entidade de voluntariado en que participa.

h) Realizar a súa actividade de acordo co principio de accesibilidade universal adaptado á actividade que desenvolvan.

i) Obter recoñecemento da entidade de voluntariado, polo valor social da súa contribución e polas competencias, aptitudes e destrezas adquiridas como consecuencia do exercicio do seu labor de voluntariado.

j) Que os seus datos de carácter persoal sexan tratados e protexidos de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

k) Cesar na realización das súas actividades como voluntario nos termos establecidos no acordo de incorporación.

2. O exercicio da acción voluntaria non poderá supor ningún menoscabo ou restrición nos dereitos recoñecidos por lei aos voluntarios.

Artigo 11. *Deberes dos voluntarios.*

Os voluntarios están obrigados a:

a) Cumprir os compromisos adquiridos coas entidades de voluntariado en que se integren, reflectidos no acordo de incorporación, respectando os seus fins e estatutos.

b) Gardar a debida confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa acción voluntaria.

c) Rexeitar calquera contraprestación material ou económica que poidan recibir ben das persoas destinatarias da acción voluntaria ben doutras persoas relacionadas coa súa acción voluntaria.

d) Respetar os dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria nos termos previstos no artigo 16.

e) Actuar coa dilixencia debida e de forma solidaria.

f) Participar nas tarefas formativas previstas pola entidade de voluntariado para as actividades e funcións confiadas, así como nas que con carácter permanente se precisen para manter a calidade dos servizos que presten.

g) Seguir as instrucións da entidade de voluntariado que teñan relación co desenvolvemento das actividades encomendadas.

h) Utilizar debidamente a acreditación persoal e os distintivos da entidade de voluntariado.

i) Respetar e coidar os recursos materiais que poña á súa disposición a entidade de voluntariado.

j) Cumprir as medidas de seguridade e saúde existentes na entidade de voluntariado.

k) Observar as normas sobre protección e tratamento de datos de carácter persoal de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e demais normativa de aplicación.

Artigo 12. *Das relacións entre os voluntarios e a entidade de voluntariado.*

1. A relación entre o voluntario e a entidade de voluntariado establecerase sempre a través da subscrición dun acordo de incorporación que constitúe o instrumento principal da súa definición e regulación.

2. O acordo de incorporación terá o contido mínimo seguinte:

a) O conxunto de dereitos e deberes que corresponden a ambas as partes, que deberá respectar o disposto na presente lei.

b) A descrición das funcións, actividades e tempo de dedicación que se compromete a realizar o voluntario.

c) De ser o caso, o réxime polo que se regulará a intervención de traballadores asalariados ou socios que participen nas actuacións de voluntariado dentro da propia entidade.

d) O réxime de gastos reembolsables que se deben aboar aos voluntarios, de conformidade coa acción voluntaria que vaian desenvolver.

e) A formación que se requira para o cumprimento das funcións que teñan asignadas os voluntarios e, de ser o caso, o itinerario que deba seguirse para obtela.

f) A duración do compromiso, así como as causas e a forma de desvinculación por ambas as partes, que deberán respectar ao máximo os dereitos das persoas destinatarias da acción voluntaria e o mellor desenvolvemento dos programas de voluntariado.

g) O réxime para dirimir os conflitos entre os voluntarios e a entidade de voluntariado.

h) O cambio de adscrición ao programa de voluntariado ou calquera outra circunstancia que modifique o réxime de actuación inicialmente convindo.

3. O acordo de incorporación debe formalizarse por escrito, en duplicado exemplar, e ir acompañado, cando proceda, da certificación negativa do Rexistro Central de Penados ou da declaración responsable a que se refiren, respectivamente, os puntos 4 e 5 do artigo 8.

4. Os conflitos que xurdan entre os voluntarios e as entidades de voluntariado no exercicio das actividades propias de voluntariado dirimiranse por vía arbitral, de conformidade co disposto na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, se así se pactou no acordo de incorporación e, na falta de pacto, pola xurisdición competente, de acordo co establecido nas normas procesuais.

TÍTULO III

Das entidades de voluntariado

Artigo 13. *Das entidades de voluntariado.*

1. Terán a consideración de entidades de voluntariado as persoas xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas nos rexistros competentes, de acordo coa normativa estatal, autonómica ou doutro Estado membro da Unión Europea de aplicación.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Estar integradas ou contar con voluntarios, sen prexuízo do persoal de estrutura asalariado necesario para o funcionamento estable da entidade ou para o desenvolvemento de actuacións que requiran un grao de especialización concreto.

d) Desenvolver parte ou a totalidade das súas actuacións mediante programas de voluntariado deseñados e xestionados no marco das actividades de interese xeral, que respecten os valores, principios e dimensións establecidos no artigo 5 e se executen nalgun dos ámbitos recollidos no artigo 6.

2. En todo caso, terán a consideración de entidades de voluntariado as federacións, confederacións ou unións de entidades de voluntariado legalmente constituídas no ámbito estatal ou autonómico ou da Unión Europea.

Artigo 14. *Réxime xurídico das entidades de voluntariado.*

1. Son dereitos das entidades de voluntariado:

a) Seleccionar os voluntarios, sen ningunha discriminación por razón de sexo, identidade sexual, orientación sexual, nacionalidade, orixe racial ou étnica, relixión, conviccións ideolóxicas ou sindicais, discapacidade, idade, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, de acordo cos fins ou obxectivos da entidade, a natureza e características da función que se vaia desenvolver e as normas establecidas no seu estatuto de funcionamento interno.

b) Suspende a actividade dos voluntarios cando se vexa prexudicada gravemente a calidade ou os fins dos programas da entidade pola súa causa, ou cando infrinxan gravemente o acordo de incorporación.

c) Concorrer ás medidas de fomento da acción voluntaria establecidas polas administracións públicas ou entidades privadas e recibir as medidas de apoio material e técnico, orientadas ao adecuado desenvolvemento das súas actuacións.

d) Participar a través das federacións, confederacións ou unións de entidades de voluntariado no deseño e execución das políticas públicas da Administración xeral do Estado.

e) Calquera outro dereito recoñecido polo resto do ordenamento xurídico referido á acción voluntaria.

2. As entidades de voluntariado están obrigadas a:

a) Elaborar as súas propias normas de funcionamento interno de acordo coa presente lei e coa normativa que lles sexa de aplicación, atendendo a principios democráticos, participativos e de transparencia.

b) Formalizar o acordo de incorporación cos voluntarios e cumprir os compromisos adquiridos.

c) Subscribir unha póliza de seguro ou outra garantía financeira, adecuada ás características e circunstancias da actividade desenvolvida polos voluntarios, que lles cubra os riscos de accidente e enfermidade derivados directamente da actividade voluntaria.

d) Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e, de ser o caso, reembolsar aos voluntarios os gastos que lles ocasione o desenvolvemento da súa actividade, nas condicións acordadas no acordo de incorporación e adaptadas ao ámbito de actuación de voluntariado que desenvolvan, así como dotalos dos medios materiais necesarios para o cumprimento das súas funcións.

e) Establecer sistemas internos de información e orientación adecuados sobre os fins, o réxime de funcionamento da entidade de acción voluntaria, a realización das tarefas que sexan encomendadas aos voluntarios e a delimitación desas tarefas coas funcións propias dos profesionais das entidades.

f) Proporcionar aos voluntarios, de maneira regular e de acordo coas súas condicións persoais, a formación necesaria, tanto básica como específica, para o correcto desenvolvemento das súas actividades.

g) Facilitar a participación dos voluntarios na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas en que interveñan e, na medida en que o permita a normativa de aplicación, nos procesos de xestión e toma de decisións da entidade de voluntariado.

h) Efectuar o seguimento e a avaliación das actividades programadas, garantindo a consecución dos obxectivos previstos conforme os principios de eficacia e rendibilidade social.

i) Facilitar aos voluntarios unha acreditación que os habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade, onde conste a entidade de voluntariado en que realizan a acción voluntaria.

j) Exixir o consentimento ou, de ser o caso, a autorización expresa e por escrito dos proxenitores, titores ou representantes legais dos voluntarios menores de idade nas condicións establecidas no artigo 8.2.

k) Expedir aos voluntarios un certificado en que se indique a duración e as actividades efectuadas nos programas en que participaron.

l) Levar un rexistro de acordos de incorporación e de altas e baixas dos voluntarios.

m) Cumprir a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e demais normativa de aplicación respecto ao tratamento e protección de datos de carácter persoal dos voluntarios ou das persoas destinatarias das actividades de voluntariado.

n) Observar as restantes obrigacións que deriven do establecido no ordenamento xurídico de aplicación.

3. As entidades de voluntariado responderán fronte a terceiros polos danos e perdas causados polos voluntarios que participen nos seus programas, como consecuencia da realización de actuacións de voluntariado, de acordo co establecido no Código civil e demais normativa de aplicación. Para tal efecto, poderán subscribir unha póliza de seguro, ou outra garantía financeira que cubra a responsabilidade civil, que será obrigatoria cando a normativa sectorial o exixa.

4. Sen prexuízo do disposto nos puntos 4 e 5 do artigo 8, as entidades de voluntariado poderán desenvolver programas de voluntariado en que se recollan os obxectivos de reinserción de persoas con antecedentes penais non caducados a través da acción voluntaria. Neste caso, a entidade reflectirá no propio programa de voluntariado as características especiais deste.

TÍTULO IV

Das persoas destinatarias da acción voluntaria

Artigo 15. *Das persoas destinatarias da acción voluntaria.*

1. Para os efectos da presente lei, terán a consideración de persoas destinatarias da acción voluntaria as persoas físicas e os grupos ou comunidades en que se integren, tanto no ámbito nacional como no internacional, para os cales o desenvolvemento dunha actividade de voluntariado represente unha mellora na súa calidade de vida, xa sexa a través do recoñecemento ou defensa dos seus dereitos, a satisfacción das súas necesidades, o acceso á cultura, a mellora do seu contorno ou a súa promoción e inclusión social.

2. Na determinación das persoas destinatarias da acción voluntaria non se poderá discriminar por razón de nacionalidade, orixe racial ou étnica, relixión, conviccións ideolóxicas ou sindicais, enfermidade, discapacidade, idade, sexo, identidade sexual, orientación sexual, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

3. As actividades de voluntariado realizaranse con pleno respecto á liberdade ideolóxica, política, sindical ou relixiosa das persoas destinatarias da acción voluntaria.

Artigo 16. *Dereitos e deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria.*

1. As persoas destinatarias da acción voluntaria teñen os seguintes dereitos:

a) A que a actuación de voluntariado sexa desenvolvida de acordo con programas que garantan a calidade das actuacións e a que, na medida do posible, se executen no seu contorno máis inmediato, especialmente cando delas deriven servizos ou prestacións persoais.

b) A que se garanta a súa dignidade e intimidade persoal e familiar.

c) A recibir información e orientación suficiente e comprensible de acordo coas súas condicións persoais, tanto ao inicio como durante a súa execución, sobre as características dos programas de que se beneficien ou sexan destinatarios, así como a colaborar na súa avaliación.

d) A solicitar e obter a substitución do voluntario asignada, sempre que existan razóns que así o xustifiquen e a entidade de voluntariado poida atender a dita solicitude.

e) A prescindir ou rexeitar en calquera momento a acción voluntaria, mediante renuncia por escrito ou por calquera outro procedemento que deixe constancia da súa decisión.

f) A solicitar a intervención da entidade de voluntariado para solucionar os conflitos xurdidos cos voluntarios.

g) A que os seus datos de carácter persoal sexan tratados e protexidos de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

h) A calquera outro dereito que se lles poida recoñecer de acordo coa presente lei e co resto do ordenamento xurídico.

2. Son deberes das persoas destinatarias da acción voluntaria:

a) Colaborar cos voluntarios e facilitar o seu labor na execución dos programas de que se beneficien ou sexan destinatarios.

b) Non ofrecer satisfacción ningunha económica ou material aos voluntarios ou ás entidades de voluntariado.

c) Observar as medidas técnicas e de seguridade e saúde que se adopten e seguir as instrucións que se establezan na execución das actividades acordadas.

d) Notificar á entidade de voluntariado con antelación suficiente a súa decisión de prescindir dos servizos dun determinado programa de voluntariado.

e) Calquera outro que derive da presente lei ou da normativa que resulte de aplicación.

TÍTULO V

Das administracións públicas

Artigo 17. *Das administracións públicas.*

1. As administracións públicas con competencia en materia de voluntariado proverán o necesario para fixar os medios e sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, a cooperación técnica e a acción conxunta no exercicio das súas competencias, co fin de integrar as súas actuacións, contribuíndo con iso a mellorar a acción voluntaria e a participación solidaria da cidadanía.

2. Con pleno respecto ás competencias das comunidades autónomas definidas nos seus estatutos de autonomía, das entidades locais e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla e á liberdade de acción e autonomía das entidades de voluntariado, considéranse como ámbitos de cooperación en que se pode facer efectivo o establecido no parágrafo anterior os seguintes:

a) A sensibilización á sociedade sobre o valor da acción voluntaria e o interese da súa contribución á construción do capital social.

b) A promoción e o fomento da participación social da cidadanía a través de entidades de voluntariado e, en particular das persoas maiores, no contexto das estratexias de envellecemento activo, e a cooperación das entidades de voluntariado con outras formas de participación social.

c) O deseño e desenvolvemento de plans e estratexias de voluntariado que sirvan para orientar, planificar e coordinar as súas accións no ámbito das súas respectivas competencias.

d) O establecemento dos instrumentos de asesoramento, información, asistencia técnica e material ás entidades de voluntariado en todos aqueles aspectos que permitan un desempeño óptimo da acción voluntaria.

e) A determinación de criterios comúns de avaliación, inspección e seguimento dos fondos públicos asignados ás entidades de voluntariado, sempre que así o permita a normativa estatal e autonómica de aplicación e con pleno respecto ás competencias das comunidades autónomas.

f) O apoio ás entidades de voluntariado no seu labor de formación dos voluntarios para conseguir que sexa regular, de calidade e acorde coas súas condicións persoais.

g) O impulso do traballo en rede e da creación de espazos e ferramentas de colaboración nos seus respectivos territorios, que permitan unha relación continuada e fluída coas organizacións sociais, empresariais, sindicatos máis representativos e as universidades e calquera outra entidade e institución pública ou privada que poida ter incidencia no voluntariado.

h) O fomento entre os empregados públicos, da participación en programas de voluntariado, de acordo coa lexislación de emprego público e con pleno respecto ao acordado na negociación colectiva.

i) A contribución á eficacia da acción voluntaria, mediante a simplificación e axilización dos procedementos administrativos que afecten as entidades de voluntariado.

j) O establecemento de mecanismos eficaces de supervisión e control do desenvolvemento da actividade de voluntariado.

Artigo 18. *Funcións da Administración xeral do Estado.*

1. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas definidas nos seus estatutos de autonomía, das entidades locais e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, corresponderá á Administración xeral do Estado:

a) Fixar, no ámbito das súas competencias, as liñas xerais das políticas públicas en materia de voluntariado, de acordo coas demais administracións públicas con competencia na materia, logo de consulta ás entidades de voluntariado ou federacións de entidades de voluntariado máis representativas en cada un dos ámbitos de actuación do voluntariado.

b) Coordinar, a través do Ministerio que na súa estrutura orgánica conte cunha unidade administrativa con funcións específicas en materia de voluntariado, as accións dos diferentes órganos da Administración xeral do Estado nos diferentes ámbitos de actuación do voluntariado.

c) Establecer, de acordo coas demais administracións públicas con competencia na materia, os mecanismos de cooperación en materia de voluntariado.

d) Fixar, de acordo coas demais administracións públicas con competencia na materia, criterios comúns de avaliación, inspección e seguimento dos programas de voluntariado subvencionados polas administracións públicas, consonte o establecido no artigo 17.2.e).

e) Cooperar coas administracións públicas competentes na materia e logo de consulta ás entidades de voluntariado, federacións, confederacións ou unións de entidades de voluntariado máis representativas en cada un dos ámbitos de actuación do voluntariado, na mellora da formación dos voluntarios, de acordo cos criterios de regularidade, calidade e adaptación ás condicións persoais dos voluntarios establecidos no artigo 17.2.f).

f) Favorecer, mediante programas de aprendizaxe-servizo, entre outros, a formación nos principios e valores do voluntariado en todas as etapas, ciclos, graos, cursos e niveis do sistema educativo, sen prexuízo do establecido no artigo 22.

g) Cooperar coas comunidades autónomas na creación dun sistema de información común que, como ferramenta compartida entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, entidades locais e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, permita fixar criterios comúns de diagnóstico, seguimento e avaliación sobre os aspectos relacionados co voluntariado.

h) Promover as actividades de investigación e estudo que contribúan ao mellor coñecemento das necesidades, dos recursos e das actuacións en materia de acción voluntaria, mediante a posta en marcha, entre outras iniciativas, dun Premio nacional de investigación sobre voluntariado.

i) Impulsar os intercambios formativos e de boas prácticas con base científica con voluntarios, entidades de voluntariado, federacións, confederacións ou unións destas, entidades sen ánimo de lucro de ámbito nacional e internacional que faciliten a consecución de obxectivos comúns na acción voluntaria.

j) Promover actuacións de voluntariado en colaboración coas entidades de voluntariado sempre que non supoñan a substitución de funcións ou servizos públicos que a Administración estea obrigada a prestar por lei e supeditadas, en todo caso, ás necesidades do servizo ou función que deban executar.

k) Prover o necesario para adaptar as previsións da normativa sobre seguridade e saúde no traballo aos voluntarios, así como para incluílas nos plans de igualdade das entidades de voluntariado e, de ser o caso, nos de prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.

2. A colaboración das entidades de voluntariado ou federacións, confederacións ou unións de entidades de voluntariado coa Administración xeral do Estado e coas entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes daquela, axustarase ao disposto nesta lei e ao resto da normativa de aplicación e, preferentemente, prestarase a través de convenios ou de acordos de colaboración entre elas.

Artigo 19. *Colaboración das entidades locais.*

As entidades locais, como administracións públicas máis próximas ás persoas destinatarias das accións de voluntariado, promoverán, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e en colaboración co resto das administracións e especialmente coas comunidades autónomas, o desenvolvemento do voluntariado nos ámbitos a que se refire o artigo 6 desta lei, como instrumento para ampliar o coñecemento da poboación respecto aos recursos comunitarios e para vincular a cidadanía co seu contexto social, económico e cultural máis próximo.

TÍTULO VI

Do fomento e recoñecemento da acción voluntaria

Artigo 20. *Medidas de fomento do voluntariado.*

1. A Administración xeral do Estado poderá conceder subvencións ou establecer convenios coas entidades de voluntariado sempre que se cumpran os requisitos exixidos tanto na lexislación xeral sobre subvencións como nesta lei, e se realicen de acordo con criterios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. As administracións públicas e as empresas ou institucións privadas poderán promover e facilitar, de acordo coa lexislación laboral ou de emprego público e con pleno respecto ao acordado na negociación colectiva, a adopción de medidas de redución ou adaptación da xornada laboral, suspensións da relación laboral con reserva de posto de traballo ou interrupcións da prestación retribuídas ou non, para que os traballadores por conta allea ou empregados públicos poidan exercer os seus labores de voluntariado.

Os termos concretos en que se vaian desenvolver as medidas de redución ou adaptación da xornada laboral mencionadas no anterior parágrafo deberán constar por escrito.

Artigo 21. *Da promoción do voluntariado desde as empresas.*

1. Co fin de fomentar unha maior visibilidade e impulso do voluntariado na sociedade, as empresas poderán promover e participar en programas de voluntariado sempre que as actuacións que realicen se poidan cualificar como de interese xeral, se inclúan nalgún dos ámbitos de actuación de voluntariado e respecten os valores e principios que inspiran a acción voluntaria, de acordo co establecido no título I.

2. As actuacións de voluntariado das empresas poderán levarse a cabo mediante a incorporación dos traballadores que decidan participar libre e voluntariamente como voluntarios en programas promovidos por entidades de voluntariado en colaboración coa empresa.

3. Estableceranse regulamentariamente as especialidades pertinentes para efectos de fomentar e facilitar que as pemes promovan e participen en programas de voluntariado.

Artigo 22. *Da promoción do voluntariado desde as universidades.*

1. As universidades, responsables da formación universitaria de persoas novas e adultas, poderán promover o voluntariado dentro dos seus ámbitos de actuación propios como son a formación, a investigación e a sensibilización de acordo coa normativa sectorial de aplicación.

2. As actuacións de voluntariado das universidades terán como obxectivo a formación e sensibilización da comunidade universitaria no voluntariado e poderanse promover desde a propia universidade ou coa participación de entidades de voluntariado. A intervención dos integrantes da comunidade universitaria nestes programas será libre e voluntaria e non suporá a substitución da Administración nas funcións ou servizos públicos que estea obrigada a prestar por lei.

3. As universidades fomentarán a docencia e a investigación en todos os seus niveis en relación co voluntariado. Para iso, poderán subscribir convenios de colaboración coas administracións públicas e con outras institucións e organismos públicos ou privados que, pola súa vez, poderán solicitar ás universidades cursos, estudos, análises e investigacións.

4. As universidades poderán establecer fórmulas de recoñecemento académico das accións de voluntariado realizadas polos seus estudantes, sempre e cando cumpran os requisitos académicos establecidos na correspondente normativa de aplicación en materia de ordenación universitaria e respecten os valores e principios do voluntariado establecidos na presente lei.

Artigo 23. *Medidas de recoñecemento e valoración social do voluntariado.*

Os voluntarios poderán desfrutar, nos termos e co alcance que se establezan regulamentariamente, dos beneficios que se poidan establecer co exclusivo obxecto do fomento, recoñecemento e valoración social da acción voluntaria.

Artigo 24. *Acreditación e recoñecemento das actuacións de voluntariado.*

1. A acreditación da prestación de servizos voluntarios efectuarase mediante certificación expedida pola entidade de voluntariado en que se realizase, en calquera momento en que o voluntario o solicite e, en todo caso, cando finalice o período de voluntariado. Nela deberán constar, como mínimo, ademais dos datos persoais e identificativos do voluntario e da entidade de voluntariado, a data de incorporación á entidade e a duración, descrición das tarefas realizadas ou funcións asumidas e o lugar onde se levou a cabo a actividade.

2. O recoñecemento das competencias adquiridas polo voluntario realizarase de conformidade coa normativa xeral de recoñecemento das competencias adquiridas por experiencia laboral ou por vías non formais de formación.

Disposición adicional primeira. *Voluntariado no ámbito da protección civil.*

A realización de actividades de voluntariado no ámbito da protección civil regularase pola súa normativa específica, e aplicarase a presente lei con carácter supletorio.

Disposición adicional segunda. *Comisión Interministerial de Voluntariado e Observatorio Estatal de Voluntariado.*

1. Establecerase regulamentariamente unha Comisión Interministerial de Voluntariado cuxa función será coordinar a actuación dos departamentos ministeriais con competencia sobre o voluntariado de acordo co establecido na presente lei.

2. Establecerase regulamentariamente un Observatorio Estatal do Voluntariado como órgano colexiado de participación das comunidades autónomas, das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, da Federación Española de Municipios e Provincias e das federacións, confederacións e unións de entidades de voluntariado.

Disposición adicional terceira. *Participación de persoal do Sistema nacional de saúde en emerxencias humanitarias.*

1. Poderase autorizar a actividade de cooperación en emerxencias humanitarias, conforme o concepto contido no punto 3, baixo os parámetros do réxime de voluntariado nas accións ou proxectos que promovan tanto organizacións non gobernamentais cualificadas pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) ou organismos internacionais, sempre que se encontren avalados pola AECID.

2. O persoal que presta servizos nos centros e institucións do Sistema nacional de saúde poderá desfrutar dun permiso para participar en emerxencias humanitarias. Este permiso terá a condición de non retribuído ou retribuído parcialmente, tal e como se encontra actualmente regulado para o persoal estatutario dos servizos de saúde, polo artigo 61.4 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco dos servizos de saúde. Esta configuración do permiso é compatible co carácter habitualmente profesional e remunerado da actividade de cooperación en emerxencias humanitarias, conforme as condicións establecidas no Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes. O profesional, durante a vixencia do permiso, manterá a reserva da praza e será considerado en situación de servizo activo.

O persoal estatutario e o persoal funcionario de carreira terán dereito, durante a vixencia do permiso, ao cómputo deste período para efectos de trienios. O persoal estatutario tamén terá, ademais, dereito ao seu cómputo para efectos de carreira profesional.

A duración ordinaria do permiso será de tres meses. Este permiso poderase prorrogar, con carácter extraordinario, ata un máximo de seis meses, de duración total, de detectarse tal circunstancia, en función das necesidades que se aprecien para prolongar a presenza dos profesionais en misións humanitarias de emerxencia a cargo de organizacións humanitarias especializadas avaladas pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Este permiso, o que se conceda de forma extraordinaria, terá, en todo caso, o carácter de non retribuído.

3. Para os efectos desta lei, entenderase por «emerxencia humanitaria» a definición establecida pola Organización de Nacións Unidas, a través da súa Oficina de Coordinación de Asuntos Humanitarios do Secretariado Xeral e do Comité Internacional de Cruz Vermella. Terán a mesma consideración as denominadas emerxencias sobrevidas, ou as crises humanitarias prolongadas no tempo, que deberán comunicar conxuntamente a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. O programa de cooperación deberá estar liderado ben por unha organización non gobernamental cualificada pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e avalada oficialmente polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade ben por unha organización internacional, nos

termos que en cada caso indique o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

4. Conforme o xa establecido pola alínea g) do artigo 10.1 do Real decreto 519/2006, do 28 de abril, o tempo de traballo realizado durante o permiso para participar en proxectos de cooperación española en emerxencias humanitarias será obxecto de valoración como mérito, como servizos prestados á Administración de que dependan, tanto nos procesos selectivos para acceder á condición de persoal estatutario fixo como nos procesos de provisión de prazas de persoal estatutario, fixo e temporal, é dicir, naqueles de selección, promoción interna, concurso, libre designación e mobilidade.

O permiso ao persoal estatutario temporal estará condicionado á vixencia da praza que ocupe o profesional e, en caso de extinción do nomeamento, suporá a rescisión do permiso. As comunidades autónomas revisarán as súas normas ou acordos de selección de persoal temporal, co fin de evitar calquera tipo de sanción por non atender a oferta que se lles dirixa, desde a bolsa de emprego temporal da súa categoría, cando esta se produza na súa ausencia, por encontrarse desfrutando deste permiso por cooperación en emerxencias humanitarias.

5. As comunidades autónomas regularán as condicións e o procedemento para a concesión do permiso para participar en emerxencias humanitarias ao persoal estatutario, de acordo co previsto no artigo 61.4 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ou ao persoal funcionario dependente do seu servizo de saúde, tanto no seu prazo ordinario como no extraordinario. Na medida do posible, outorgarase o dito permiso mediante o trámite de urxencia.

As administracións autonómicas, de ser o caso, tamén regularán o recoñecemento de similares dereitos e garantías para os profesionais de institucións sanitarias cuxo réxime de vinculación sexa tanto o laboral como o do funcionario de carreira.

Disposición transitoria única. *Adaptación das entidades de voluntariado.*

As entidades de voluntariado que no momento da entrada en vigor desta lei estean integradas ou contén con voluntarios deberán axustarse ao previsto nela no prazo dun ano contado desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria.

1. Queda derogada a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.
2. Quedan derogadas a Orde do Ministerio de Educación e Ciencia, do 11 de outubro de 1994, pola que se regula a actividade de voluntariado nos centros públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, e a Orde do Ministerio de Cultura, do 9 de outubro de 1995, pola que se regula o voluntariado cultural.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 31.4 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde en canto concirne á homoxeneidade de baremos de méritos.*

O punto 4 do artigo 31 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, queda redactado como segue:

«Os baremos de méritos nas probas selectivas para o acceso a nomeamentos de persoal estatutario dirixiranse a avaliar as competencias profesionais dos aspirantes a través da valoración ponderada, entre outros aspectos, do seu currículo profesional e formativo, dos máis significativos da súa formación pregraduada, especializada e continuada acreditada, da experiencia profesional en centros sanitarios e das actividades científicas, docentes e de investigación e de cooperación ao desenvolvemento ou axuda humanitaria no ámbito da saúde. Regulamentariamente e con carácter básico estableceranse os principios e criterios que determinen as características comúns dos baremos de méritos que sexan de aplicación nos procesos selectivos e de provisión de prazas e postos que sexan

convocados para o acceso á condición de persoal estatutario, tanto de carácter fixo como de carácter temporal e nos procedementos de mobilidade, conforme o previsto no artigo 37.»

Disposición derradeira segunda. *Respecto ao ámbito competencial das comunidades autónomas.*

A presente lei aplicarase sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en materia de voluntariado polos seus estatutos de autonomía, así como tamén na súa lexislación específica.

Disposición derradeira terceira. *Alcance da remisión do Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, ás actividades de interese xeral á normativa de voluntariado.*

A partir da entrada en vigor da presente lei, a remisión que efectúa o Real decreto lei 7/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes de natureza tributaria, orzamentaria e de fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación, á Lei 6/1996, do 15 de xaneiro do voluntariado, deberá entenderse realizada á presente lei.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a da Constitución española, en virtude do cal o Estado ten competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira quinta. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta lei non poderán supor incremento do gasto público.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da presente lei, aprobe o seu regulamento de execución.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY